



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Persoal

Emenda bases reguladoras do proceso selectivo de tres prazas de limpadora/limpador

ANUNCIO

Téndose aprobado por Decreto nº 2014/2026 de 29 de xullo de 2026 emenda das bases reguladoras do proceso selectivo a través do procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, para cobertura en propiedade de tres prazas de persoal laboral fixo do posto de Limpadora/Limpador (publicadas no BOP da Coruña nº 246 de 13 de decembro de 2024), procédese á publicación para xeral coñecemento e efectos oportunos:

PRIMEIRO.- Emendar as bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo a través do procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, para cobertura en propiedade de tres prazas de persoal laboral fixo do posto de Limpadora/Limpador do Concello de Arteixo, correspondentes á OEP 2021 e á OEP 2024, aprobas mediante Decreto de Alcaldía nº 3412/2024, de 11 de decembro de 2024, eliminando os incisos referentes á OEP 2021, declarada anulable, do seguinte xeito:

Onde di:

“Convocatoria e bases reguladoras para cobertura en propiedade de tres prazas de persoal laboral fixo, grupo V, de Limpadora/Limpador do Concello de Arteixo, polo procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, correspondentes á OEP 2021 e á OEP 2024.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente, a regulación do proceso selectivo a través do procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, para cobertura en propiedade de tres prazas de persoal laboral fixo do posto de Limpadora/Limpador, correspondente ao grupo V do Convenio de persoal laboral do Concello de Arteixo, vacantes incluídas na OEP 2021 e na OEP 2024 do Concello de Arteixo.”

Debe dicir:

“Cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo, grupo V, de Limpadora/Limpador do Concello de Arteixo, polo procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, correspondente á OEP 2024, e de dúas futuras vacantes de Limpadora/Limpador ao amparo da disposición adicional décimo oitava da Lei de Emprego Público de Galicia, correspondentes á OEP 2027 e á OEP 2028.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente, a regulación do proceso selectivo a través do procedemento de concurso-oposición, en quenda libre, para cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo do posto de Limpadora/Limpador, correspondente ao grupo V do Convenio de persoal laboral do Concello de Arteixo, vacante incluída na OEP 2024 do Concello de Arteixo, e de dúas futuras vacantes de Limpadora/Limpador ao amparo da disposición adicional décimo oitava da Lei de Emprego Público de Galicia, correspondentes á OEP 2027 e á OEP 2028”.

Arteixo, 31 de xullo de 2026

Asinado: Carlos Calvelo Martínez (Alcalde-Presidente)

2026/5104